



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS
DO CONSELLO SOCIAL DO 22.02.2024**

LUGAR: Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo

DATA: 22.02.2024

HORA DE COMEZO: 12:00 h.

HORA DE REMATE: 13:00 h.

LISTA DE ASISTENTES

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)

Bravo Bosch, María José

Blanco Gómez, César

Castro Mouzo, Mercedes

Cendón Alonso, María Teresa

Crespo Tobío, Silvia

López Fernández, Yolanda

Ortiz Álvarez, Ana María

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)



O xoves, día 22 de febreiro de 2024, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26.09.2023).
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, da asignación das axudas previstas na convocatoria de Prácticums do Consello Social, correspondente a 2024.
4. Proposta de renovación do convenio para a realización dos traballos de mantemento e actualización continua dos contidos textuais e gráficos da web do Consello Social, e do mantemento informático.
5. Aprobación, se procede, da realización dun estudo para medir o impacto socioeconómico e o valor social da UVigo, e avanzar na RSC da institución.
6. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio á Feira EMPREGO in CAMPUS, promovida pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade.
7. Acordo que proceda sobre a proposta de colaboración presentada pola Vicerreitoría do Campus de Pontevedra para desenvolver actividades en 2024.
8. Acordo que proceda sobre a petición de patrocinio do Instituto de Estudos Vigueses ao Consello Social para as actividades previstas no Forum IEV 2024.
9. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración presentada pola Escola de Enxeñaría Industrial para organizar a sétima edición do Concurso de Robots para fomentar as actividades STEAM en colexios e institutos.
10. Acordo que proceda sobre o apoio económico solicitado pola Delegación de alumnos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, para reunir en Vigo o Consello Nacional de Estudantes de Dereito.
11. Acordo que proceda sobre a colaboración no patrocinio dun Premio de Innovación Social, dentro do evento "Hack for Good 2024".
12. Acordo que proceda sobre a petición de apoio para a organización do Congreso Internacional "ICAME45", dentro da Facultade de Filoloxía e Tradución, e dirixido a persoal investigador do ámbito lingüístico.
13. Acordo que proceda sobre a proposta de financiamento do Campamento Tecnolóxico de Verán 2024, no Campus de Ourense, para potenciar a igualdade de xénero nas titulacións técnicas, coa colaboración da Escola de Informática.
14. Acordo que proceda sobre a petición de apoio para desenvolver o proxecto "Cóntancho as Matemáticas", para mellorar a educación matemática na última etapa de Educación Primaria e os primeiros cursos de Secundaria, e fomentar as vocacións.
15. Aprobación, se procede, da aportación económica precisa para a realización dunha xornada de formación dentro da UVigo sobre prevención do fraude e os conflitos de interese.
16. Acordo que proceda sobre a petición de colaboración co proxecto "CinVigo. Ciencia na rúa", organizado por CINBIO para fomentar vocacións en secundaria e bacharelato e amosar traballos de investigación á sociedade.
17. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico para a organización da Conferencia internacional ESEE-Decrecemento 2024, en Pontevedra.
18. Rogos e preguntas.

Agradece o presidente a asistencias de tódolos membros da comisión e anticipa a elevada existencia na Orde do día de asuntos nos que ten unha especial presenza o estudantado.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26.09.2023).

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do presidente.

Achégase un resumo das axudas concedidas pola comisión durante os cinco últimos anos, no que se amosa unha lixeira subida das aportacións concedidas e un notable crecemento dos importes solicitados, situándose as medias en 215 mil e 290 mil euros, respectivamente.

PUNTO 3

Aprobación, se procede, da asignación das axudas previstas na convocatoria de Prácticums do Consello Social, correspondente a 2024.

Resume o secretario que o prazo de solicitudes pechouse con 12 peticións, dúas menos que na convocatoria anterior. O importe global das axudas solicitadas descende de 60.326 € a 52.225 € (para unha dispoñibilidade de 30.000 €). Ponderando os diferentes criterios contidos nas bases da convocatoria, as axudas concedidas sitúanse entre os 1.500 € e os 3.100 €. Matiza Ignacio Rodríguez que á hora de baremar trátase de estimular a actividade fóra das aulas, e que se penaliza a baixa execución das axudas concedidas na edición anterior. A Comisión APROBA propoñer ao Pleno a seguinte distribución do Plan de Prácticums:

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (2.700); Escola de Enxeñaría Industrial (3.100); Facultade de Bioloxía (2.400); Facultade de Ciencias do Mar (2.900); Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (2.800); Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (3.100); Facultade de Comercio (1.600); Facultade de Comunicación (2.700); Facultade de Dereito (2.300); Facultade de Filoloxía e Tradución (2.700); Facultade de Historia (1.500); Facultade de Relacións Internacionais (2.200).

- ***Infórmase favorablemente para elevar ao Pleno.***

PUNTO 4

Proposta de renovación do convenio para a realización dos traballos de mantemento e actualización continua dos contidos textuais e gráficos da web do Consello Social, e do mantemento informático.

Propónse renovar a contratación externa da actualización de contidos na web, o mantemento e a comunicación e presenza informativa das iniciativas e presenzas que desenvolve o Consello Social, e máis nomeadamente o seu presidente, de xeito que se poida garantir que a páxina estea permanentemente actualizada e dea resposta axeitada ás necesidades actuais, a visibilidade e aos públicos de interese. A maiores, implementouse na web unha zona privada, accesible con identificador e clave, onde se pode localizar a documentación previa a cada reunión, ademais dun repositorio de toda a documentación actual e histórica dende o ano 2018. Consonte a proposta, prevese unha revisión semestral dos resultados do traballo.

- ***Asígnanse 600 € + IVE mensuais durante 2024, e un pago trimestral de 100 € + IVE.***

PUNTO 5

Aprobación, se procede, da realización dun estudo para medir o impacto socioeconómico e o valor social da UVigo, e avanzar na RSC da institución.

Manifesta o presidente que -despois dos estudos presentados en 2022 e 2023 sobre o impacto económico da universidade- esta proposta trata de dotar á propia institución e á sociedade de medidores adicionais para completar as cifras xa coñecidas sobre a súa influencia no territorio, co obxectivo de mellorar a eficacia da súa actividade coa maior transparencia. Defínense as variables e indicadores para configurar o instrumento de medición do valor social que aporta a UVigo. O traballo a desenvolver posibilitará seguir profundando no ámbito da Responsabilidade Social Corporativa de UVigo, e mesmo na súa medición. O estudo será asumido por profesores do departamento de Organización de Empresas e Marketing da UVigo.

- ***Asígnase unha aportación de 9.000 € + IVE.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio á Feira EMPREGO in CAMPUS, promovida pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade.

O obxectivo desta iniciativa, conforme resume o presidente, é crear un punto de encontro entre a comunidade universitaria (principalmente recentemente titulados) e o mundo empresarial, no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, para mellorar a empregabilidade e a inserción laboral, ollar novas oportunidades, saídas profesionais, prácticas académicas, mercados e vías de negocio. Realizarase por primeira



vez nos tres campus, co apoio e participación de todas as escolas e facultades. Na edición de 2023 inscribíronse máis de medio milleiro de estudantes e titulados e participaron 70 entidades.

- ***Apróbase unha achega de 6.000 €.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a proposta de colaboración presentada pola Vicerreitoría do Campus de Pontevedra para desenvolver actividades en 2024.

Co obxectivo principal de dar impulso ao Campus CREA, e implicar e vincular ao estudantado, propónse a renovación da colaboración do Consello Social co campus de Pontevedra a través dun programa cultural e social de actividades, diverso, aberto e conectado coa sociedade. Explica o presidente que se apoiarán, entre outras iniciativas, xornadas de divulgación e difusión das investigacións que se están a facer no campus, sobre todo en áreas creativas; exposición pública das coleccións universitarias e apertura a outros centros educativos ou a interesados en utilizar os materiais como posibles temas dos traballos de fin de Grao ou Máster; tamén para potenciar espazos para a reflexión do alumnado sobre diferentes temáticas, ou para a información da vida do campus.

- ***A comisión propón unha achega de 11.000 €.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a petición de patrocinio do Instituto de Estudos Vigueses ao Consello Social para as actividades previstas no Forum IEV 2024.

O Instituto prevé realizar un amplo abano de conferencias relacionadas con distintas áreas de coñecemento, así como estudos e rutas culturais guiadas polo Concello de Vigo e a súa contorna. Ernesto Pedrosa pide considerar parcialmente e de xeito excepcional a proposta, dentro da vocación do Consello Social por favorecer as actividades orientadas a completar a formación científica, cultural e humanística dos cidadáns, afondar na conexión da universidade coa sociedade e fortalecer a formación ao longo da vida. Por estas razóns, propón un apoio puntual a algunhas conferencias previstas na programación.

- ***Apróbase unha aportación de 1.200 €.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración presentada pola Escola de Enxeñaría Industrial para organizar a sétima edición do Concurso de Robots para fomentar as actividades STEAM en colexios e institutos.

Consonte se resume na documentación remitida, a Escola de Enxeñaría Industrial renova a Competición de robots nas súas instalacións, con un especial empeño en eliminar calquera discriminación por sexo. Dirixida a centros de educación de toda Galicia, a alumnado de Secundaria, Bacharelato, ciclos e ensinos, entre 12 e 17 anos, co obxectivo de fomentar as actividades STEAM nos centros, promocionar as titulacións da Escola, desenvolver a curiosidade pola enxeñaría e favorecer a toma de contacto coa Universidade de Vigo. A convocatoria expónse como unha competición con probas e retos a superar mediante coñecementos de robótica, ou mesmo participando na montaxe dun robot. Aplícase unha redución respecto da axuda concedida á edición anterior.

- ***Asígnase unha axuda de 1.600 €.***

PUNTO 10

Acordo que proceda sobre o apoio económico solicitado pola Delegación de alumnos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, para reunir en Vigo o Consello Nacional de Estudantes de Dereito.

Explica o presidente que a Delegación de alumnos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo dará acollida en Vigo ao Consello nacional de estudantes de Dereito (CONEDE), representantes do estudantado das facultades de Dereito de toda España, aproximadamente un cento de asistentes, para, entre outros obxectivos, avaliar as decisións legislativas, políticas e laborais que afectan á profesión. O congreso estenderase durante catro días, en distintos espazos do campus e da cidade de Vigo.

- ***Apróbase unha aportación de 2.000 €.***



PUNTO 11

Acordo que proceda sobre a colaboración no patrocinio dun Premio de Innovación Social, dentro do evento "Hack for Good 2024".

"HackForGood" (H4G) é unha actividade centrada na innovación social, na que se desenvolven novas ideas, servizos ou aplicacións que axuden a resolver problemas sociais. Realízase en doce sedes españolas, de xeito simultáneo, coa finalidade de convocar a membros da comunidade universitaria ou cidadáns en xeral, con algunha proposta para a mellora da sociedade. Valórase a creatividade, o grao de innovación da idea, o impacto social e importancia do problema resolto. A documentación recolle algunhas das ideas propostas dende a Universidade de Vigo en edicións anteriores.

- ***Dótase o patrocinio do premio con 500 €.***

PUNTO 12

Acordo que proceda sobre a petición de apoio para a organización do Congreso Internacional "ICAME45", dentro da Facultade de Filoloxía e Tradución, e dirixido a persoal investigador do ámbito lingüístico.

Dende a Facultade de Filoloxía e Tradución, o Grupo de investigación HI19 da Universidade de Vigo organiza este encontro, para ofrecer unha visión das metodoloxías e apostas teóricas máis innovadoras para a comunidade científica internacional no eido da lingüística, ademais de difundir investigación. Coa presenza de recoñecidos expertos e relatores a nivel internacional, subliña o presidente que o congreso está dirixido principalmente a persoal investigador, e polo seu interese social abrírase ao alumnado de grao, máster e doutoramento e ao público en xeral.

- ***Concédese unha axuda de 2.000 €.***

PUNTO 13

Acordo que proceda sobre a proposta de financiamento do Campamento Tecnolóxico de Verán 2024, no Campus de Ourense, para potenciar a igualdade de xénero nas titulacións técnicas, coa colaboración da Escola de Informática.

Co apoio da Escola de Informática, o campus de Ourense acollerá esta actividade para promover vocacións tecnolóxicas, especialmente entre as nenas de seis a doce anos, que disporán do 80% das 60 prazas previstas en dúas quendas. Apunta Ernesto Pedrosa que os participantes vivirán unha experiencia inmersiva en novas tecnoloxías e programación, dende unha concepción lúdica e 100% práctica. Engade que aprenderán a deseñar e imprimir pezas en 3D, montaxe e programación de drones, creación de videoxogos, Apps para móbiles ou sobre ciberseguridade, domótica ou realidade virtual.....

- ***Apróbase unha aportación de 2.000 €.***

PUNTO 14

Acordo que proceda sobre a petición de apoio para desenvolver o proxecto "Cóntancho as Matemáticas", para mellorar a educación matemática na última etapa de Educación Primaria e os primeiros cursos de Secundaria, e fomentar as vocacións.

Describe o presidente que un grupo de profesores da UVigo orientan os seus traballos a divulgar e fomentar as matemáticas como unha achega comprensible, divertida e atractiva, como disciplina útil para a sociedade, e a innovar na educación matemática. Neste obxectivo, orientado tamén a promover a igualdade de xénero, desenvolven esta actividade, dirixida ao estudantado do último ciclo de Educación Primaria e aos primeiros cursos de Secundaria. En virtual pode acceder tamén o público interesado neses contidos formativos. A última edición interesou a 800 escolares e 18 centros. Aplícase unha redución do 20% respecto da edición anterior.

- ***Apróbase unha axuda de 1.750 €.***

PUNTO 15

Aprobación, se procede, da aportación económica precisa para a realización dunha xornada de formación dentro da UVigo sobre prevención do fraude e os conflitos de interese.

Aclárase que o Consello Social promove esta sesión para profundar nas novas normativas e obrigas que impón a LOSU sobre bo goberno, ética e prevención e loita contra o fraude, e nos procedementos para afrontar conflitos de interese e dilemas éticos que se poden dar a diario na propia universidade. Será impartido



polo economista Antonio Arias e o maxistrado José Ramón Chaves, recoñecidos especialistas na materia; e está dirixido especialmente a responsables de xestión e persoal da UVigo afectado ou implicado neste eido. (Ver artigos 39 e 47.2 da LOSU e as obrigas de formación que teñen a universidade e o Consello Social nesta materia).

- ***Acórdase dedicar un máximo de 1.000 € para a organización.***

PUNTO 16

Acordo que proceda sobre a petición de colaboración co proxecto "CinVigo. Ciencia na rúa", organizado por CINBIO para fomentar vocacións en secundaria e bacharelato e amosar traballos de investigación á sociedade.

O Centro de investigación, unha aposta da UVigo polo coñecemento nos ámbitos biomédico e biotecnolóxico, organiza o proxecto "CinVigo. Ciencia na rúa", para achegar o mundo científico á sociedade mediante actividades nas que estudantado de Secundaria e Bacharelato, centros educativos e cidadáns, poidan vivir experiencias de ocio e ciencia combinados, e mesmo nas propias rúas da cidade viguesa. Valórase que na anterior edición participaron máis de 35.000 visitantes, e máis de 1.500 estudantes asistiron aos obradoiros científicos. Aplícase unha redución do 20%, consonte as normas do Consello Social.

- ***Aprobase unha aportación de 2.000 € para comunicación e difusión.***

PUNTO 17

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico para a organización da Conferencia internacional ESEE-Decrecemento 2024, en Pontevedra.

Expón o presidente, en síntese, que un milleiro de persoas de diferentes disciplinas e de ata sete nacionalidades diferentes participarán en Pontevedra na Conferencia da Sociedade Europea de Economía Ecolóxica (15ª edición) e na Conferencia internacional de Decrecemento (10ª edición), convocados polo Post-Growth Innovation Lab, un prestixioso grupo de investigación da Universidade de Vigo. A programación desenvolve un programa social con actividades artísticas, divulgativas e culturais abertas á cidadanía, ademais de mesas redondas, debates, concertos, exposicións ou feiras. Un dos obxectivos será involucrar ao alumnado e profesorado de ESO e Bacharelato no estudo do rol da innovación na transición ecolóxica, e en particular no estudo da innovación non condicionada polo crecemento económico.

- ***Concédese unha axuda de 2.000 €.***

PUNTO 18

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:00 horas do 22 de febreiro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)